

ACTA NÚMERO: 30/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 7 de agosto de 2025 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 31 de xullo de 2025 (Reunión 29/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Galicia Fest 2025, a celebrar no concello de Vigo os días 29 e 30 de agosto (Expte. 2025047036).
3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2025005472).
4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". Expte.- 2025005472).
5. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da "Rede Move" da Deputación. (Expte.- 2025031866).
6. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da renovación e subministración de licenciamiento de autodesk para a Deputación. (Expte.- 2025032356).
7. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas". (Expte.- 2025004601).
8. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas". (Expte.- 2025004601).
9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363).
10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Carlos Cuadrado Romay Secretario da Deputación.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 31 de xullo de 2025 (Reunión 29/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 31 de xullo de 2025 (Reunión 29/2025).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Galicia Fest 2025, a celebrar no concello de Vigo os días 29 e 30 de agosto (Expte. 2025047036).

Por Resolución Presidencial número 2025006208, de data 22/07/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do festival Galicia Fest 2025 pola cantidade máxima de 100.430,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 22/07/2025.

A empresa Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) presentou oferta, e con data 04/08/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada por Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	83.000,00 €
IVE (21 %)	17.430,00 €
Importe ofertado con IVE	100.430,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada pola empresa Galicia Fest 2025, AIE (V75877472) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Galicia Fest 2025, a celebrar no concello de Vigo os días 29 e 30 de agosto de 2025.



3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2025005472).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.
- MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.
- SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.
- TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L
- VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 26 de xuño de 2025, procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas para á súa valoración.

O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 1 de agosto de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	18,00	2,00	20,00
MONCOSA OHS, S.A.	10,00	1,00	11,00
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	22,00	2,00	24,00
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	12,00	1,00	13,00



TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	14,00	2,00	16,00
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	6,00	1,00	7,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao de data 1 de agosto de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)"*.

4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". Expte.- 2025005472).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)"*.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	20,00
MONCOSA OHS, S.A.	11,00
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	24,00
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	13,00
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	16,00
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	7,00
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	20,00
MONCOSA OHS, S.A.	11,00

As empresas VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L., e MONCOSA OHS, S.A. non acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, polo que segundo o recollido no PCAP deben de ser excluídas deste procedemento.

A maiores, a Mesa de Contratación detectou que segundo o recollido no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, a empresa MONCOSA OHS S.A. (CIF A15050958), está en situación de



prohibición de contratar coa Deputación de Pontevedra, polo que tamén debe de ser excluída deste procedemento por esa causa.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	170.466,07 €	3,00%	36 MESES	NON PRESENTA	NON PRESENTA
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	192.191,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	190.290,10 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L	181.801,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L., (CIF B36380384), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

5. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da “Rede Move” da Deputación. (Expte.- 2025031866).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial número 2025002022 de data 19/03/2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación,



mediante procedemento aberto simplificado do servizo de xestión da plataforma e implementación de accións de impulso e desenvolvemento da rede MOVE da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 18/07/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir as seguintes empresas:

- Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL (CIF B15757941)

Empresas excluídas: Ningunha.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación técnica dos “sobres A” ao persoal técnico do Servizo de Promoción de emprego, para que avalíe e pondere a proposta técnica, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

6. *Apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da renovación e subministración de licenciamiento de autodesk para a Deputación. (Expte.- 2025032356).*

O Secretario informa que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 18/07/2025 acordou aprobación do expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da renovación e subministración do licenciamiento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra.

Con data 18/07/2025 o anuncio de licitación, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de PLACE, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliados automaticamente presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentáronse as seguintes empresas:

- NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949
- SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388
- Seidor Tech, S.A CIF A33204306

Os valores ofertados. foron os seguintes:

-NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949

- Importe sen o IVE: 114.710,00 €
- IVE (21 %):..... 24.089,10 €
- Importe total ofertado: 138.799,10 €

- SEIDOR TECH S.A CIF A33204306

- Importe sen o IVE: 100.095,30 €
- IVE (21 %):..... 21.020,01 €
- Importe total ofertado: 121.115,31 €

-SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388

- Importe sen o IVE: 113.956,00 €
- IVE (21 %):..... 23.930,76 €
- Importe total ofertado: 137.886,76 €



Unha vez feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas resulta que a oferta presentada pola empresa Seidor Tech SA presenta un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado.

Visto o anterior a Mesa de contratación acorda:

1.- Admitir as seguintes empresas:

- NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949
- SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388
- Seidor Tech, S.A CIF A33204306

2.- Facultar ao secretario da Mesa de Contratación para que procede a requerirle a empresa Seidor Tech, S.A para que no prazo máximo de 5 días hábiles dende o envío do citado requerimento xustifique a súa oferta, mediante instancia xenérica a traves da sede electrónica da Deputación de Pontevedra e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoñan para executar as prestacións.

7. Aprobación das valoración técnicas dos sobres “B” do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail “Entre castelos Rías Baixas”. (Expte.- 2025004601).

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de xuño de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de organización e execución do programa trail “Entre castelos Rías Baixas”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 25 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 17 de xullo de 2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L. (NIF: B70599196)
- SPORTMADNESS EVENTOS, S.L. (NIF: B86397205)



As empresas excluídas foron as seguintes:

- **MARMAR OUTDOOR, S.L. (NIF: B70548631):**
 - Motivo de exclusión: Achegar xunto coa documentación administrativa (sobres “A”) a oferta económica, resultando esta documentación obxecto de avaliación mediante criterios automáticos (sobres “C”).

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presentaron as referidas empresas ao persoal técnico do servizo de Turismo Rías Baixas ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 31 de xullo de 2025, emitiu informe de informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor con CSV: 3849YA7LBJT4VSC4, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	NOKO 360 SPORTS CONSULTING, S.L.	SPORTMADNESS EVENTOS, S.L.
Proposta do evento	Servizos xenéricos	6,000	6,000	3,500
	Presentación do evento	5,000	4,500	5,000
	Outros servizos	4,000	4,000	3,000
	Montaxe e desmontaxe	3,000	2,200	1,500
	TOTAL	18,000	16,700	13,000
Comunicación e promoción	Web e redes sociais	4,000	3,500	4,000
	Gravación e fotografía	4,000	3,500	4,000
	Marketing de influencers	4,000	4,000	4,000
	Inserción de vídeo na televisión autonómica local	3,000	3,000	3,000
	Publicidade en revistas especializadas	3,000	2,000	3,000
	TOTAL	18,000	16,000	18,000
Cronograma e equipo de traballo	Proposta de cronograma	2,000	2,000	0,000
	Equipo de traballo	4,000	4,000	4,000
	TOTAL	6,000	6,000	4,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”		42,000	38,700	35,000

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

- 1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.
- 2.- Que se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliáble mediante criterios automáticos das empresas que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas (21,000 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.



8. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas". (Expte.- 2025004601).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre "B" polas empresas admitidas sendo as seguintes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR	EPTISA	INSITU	NOVOTEC	UTE TAXA
a) Metodoloxía aplicable a cada unha das fases do proxecto e tratamento informático (Máx 30 pts)	23,00	12,00	20,00	15,50
b) Medios materiais e persoais adscritos á prestación do servizo (Máx 9 pts)	6,00	5,50	5,00	5,00
c) Esquema cronolóxico (Máx 6 pts)	4,50	5,50	4,50	3,50
PUNTUACIÓN TOTAL:	33,50	23,00	29,50	24,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de contratación do Sector Público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (C.I.F. B-85097962).

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	299.000,00 €
IVE (21 %):	62.790,00 €
Importe total ofertado:	361.790,00 €

2.-Tamaño da mostra.

Nº visitas efectivas ofertadas (entre 3000 e 3.500 visitas): 3.500



INGENIERÍA INSITU, S.L.U. (C.I.F. B-27715309).

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	307.320,00 €
IVE (21 %):	64.537,20 €
Importe total ofertado:	371.857,20 €

2.-Tamaño da mostra.

Nº visitas efectivas ofertadas (entre 3000 e 3.500 visitas): 3.500

NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (C.I.F.- A-78068202).

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	334.440,10 €
IVE (21 %):	70.232,42 €
Importe total ofertado:	404.672,52 €

2.-Tamaño da mostra.

Nº visitas efectivas ofertadas (entre 3000 e 3.500 visitas): 3.500

UTE TAXA COMERCIAL PONTEVEDRA formada por Heartcoded SL (CIF B-88.377.221) - Enxamio SL (CIF B-27.439.405)-Projectes Socioambientals Entorna 3 SL (CIF B-66.923.384)

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	312.477,41 €
IVE (21 %):	65.620,26 €
Importe total ofertado:	378.097,67 €

2.-Tamaño da mostra.

Nº visitas efectivas ofertadas (entre 3000 e 3.500 visitas): 3.500

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.



9. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, o Pleno de Deputación de Pontevedra de data 27/06/2025 aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas (10) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable e industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) (Barro).

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 04/07/2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas deste procedemento.

O Secretario tamén informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada pola única empresa interesada en participar no devandito procedemento, que resulta admitida:

- TRANSPORTES CAMESELLE, S.L. (B36058493)

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación available mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363)

O Secretario comenta que no punto anterior desta reunión da Mesa de Contratación procedeuse a efectuar a apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do concurso público convocado para o alleamento, ou constitución dun dereito de superficie, de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- TRANSPORTES CAMESELLE, S.L. (B36058493)



A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa admitida no dito procedemento:

Os valores ofertados foron os seguintes:

1. PREZO

(...) 2) La constitución de un derecho de superficie sobre la/s parcela/s que a continuación se relaciona/n:

Número de parcela	Canon anual ofertado (sen IVE)	Importe do IVE	Canon anual ofertado con IVE	Prazo de duración ofertado para a constitución do dereito de superficie (expresado en anos)
A-22	32.624,74	6.851,19	39.475,93	Mínimo de 5 anos e un máximo de 25 anos. Con opción de compra dentro dos primeiros 5 anos
A-24	33.092,02	6.949,32	40.041,35	Mínimo de 5 anos e un máximo de 25 anos. Con opción de compra dentro dos primeiros 5 anos

A empresa Transportes Cameselle, S.L., tamén achega xunto coa oferta económica á documentación solicitada para a valoracións do resto de criterios automáticos establecidos na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas que rexe neste concurso público e que son as seguintes:

- Interese social da iniciativa empresarial
- Condicións ambientais da implantación empresarial
- Inversións
- E número de parcelas

A Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao persoal colaborador do polígono de Barro para que avalíen e ponderen as propostas que figuran na documentación aportada pola empresa Transportes Cameselle, S.L., seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

